

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DIH DATALIFE - HUB DE INNOVACIÓN
DIXITAL DATALFIE**

Índice

CAPÍTULO I - DA ASOCIACIÓN EN XERAL	3
Artigo 1. Denominación e natureza.....	3
Artigo 2. Personalidade e capacidade	3
Artigo 3. Domicilio	3
Artigo 4. Ámbito de actuación	3
Artigo 5. Duración	4
Artigo 6. Fins	4
CAPÍTULO II - DAS PERSOAS ASOCIADAS.....	6
Artigo 7. Requisitos	6
Artigo 8. Clases de persoas asociadas	7
Artigo 9. Perda da condición de persoa asociada.....	7
Artigo 10. Dereitos.....	8
Artigo 11. Obrigas.....	9
CAPÍTULO III - DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN	9
Artigo 12. Organización da asociación	9
Artigo 13. Asemblea Xeral	10
Artigo 14. Reunións: clases e convocatoria	10
Artigo 15. Constitución e quórum de convocatoria.....	11
Artigo 16. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria	11
Artigo 17. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria	11
Artigo 18. Adopción de acordos	12
Artigo 19. A Xunta Directiva: Composición.....	13
Artigo 20. Reunións e acordos	14
Artigo 21. Facultades da Xunta Directiva	15
Artigo 22. Obrigas documentais	16
Artigo 23. Presidente/a.....	16
Artigo 24. Vicepresidente/a	17
Artigo 25. Secretario/a	17
Artigo 26. Tesoureiro/a	17
Artigo 27. Vogais.....	18

Artigo 28. Persoal e contratación	18
CAPÍTULO IV - RÉXIME ECONÓMICO	18
Artigo 29. Patrimonio	18
Artigo 30. Recursos económicos.....	18
Artigo 31. Contas anuais	19
Artigo 32. Destino de ingresos a fins da asociación.....	20
CAPÍTULO V - DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO	20
Artigo 33. Regulamento de réxime interno	20
CAPÍTULO VI - DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN	20
Artigo 34. Disolución.....	20
Artigo 35. Liquidación.....	21
DISPOSICIÓN ADICIONAL.....	21
DISPOSICIÓN TRANSITORIA	21

CAPÍTULO I - DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza

Coa denominación de “Asociación DIH DATALIFE - HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL DATALIFE”, constitúese unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación aplicable

Artigo 2. Personalidade e capacidade

A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Domicilio

1. A asociación establece o seu domicilio social na Avenida do Mestre Mateo, 2, Edificio EMPRENDIA, sito no Campus Vida en Santiago de Compostela (A Coruña).

2. A asociación poderá establecer delegacións, sen prexuízo de que o cambio de domicilio social e das delegacións, de ser o caso, deberán ser acordados pola Asemblea Xeral.

Artigo 4. Ámbito de actuación

O ámbito territorial no que a asociación vai a desenvolver principalmente as súas actividades é a Comunidade Autónoma de Galicia.

En todo caso, a asociación poderá desenvolver actividades noutros ámbitos, nacionais ou internacionais.

Artigo 5. Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido e rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6. Fins

1. Son fins principais da asociación:

- a) Impulsar o valor de Galicia como referente europeo en bioeconomía, saúde e sustentabilidade, incorporando, entre outras, a intelixencia artificial, a analítica de datos (big data), a conectividade avanzada e a ciberseguridade como tecnoloxías dixitais esenciais.
- b) Actuar como panca estratéxica para a innovación e a competitividade empresarial, posicionando a Galicia como unha Biorrexión europea.
- c) Vertebrar o ecosistema de innovación co obxectivo de obter un efecto multiplicador, xerando sinerxías con outras tecnoloxías sectoriais e KETs (Tecnoloxías Habilitadoras Esenciais)
- d) Articular aos principais actores, como clústeres, empresas, especialmente as PEMES e empresas tractoras, centros de coñecemento e centros tecnolóxicos, nunha estratexia compartida para a dixitalización competitiva nos focos sectoriais.
- e) Actuar como mecanismo de “xanela única”, ofrecendo unha ampla carteira de servizos dixitais especializados.
- f) Integrar as cadeas de valor da biotecnoloxía, do mar, da agroalimentación, forestal, da saúde e outras que se consideren de interese estratéxico dentro da bioeconomía e a saúde.
- g) Xerar un efecto tractor e de arrastre mediante a validación e prescrición de tecnoloxías dixitais que poidan aplicarse ás empresas, especialmente as PEMES, e que poidan ser integradas nas mencionadas cadeas de valor.
- h) Desenvolver e optimizar as infraestruturas de procesamento de datos, conectividade, ciberseguridade e intelixencia artificial, impulsando o seu uso eficiente na bioeconomía e na xestión do sistema de saúde.
- i) Facilitar a adquisición de competencias dixitais nos sectores foco do DIH DATALIFE.

- j) Identificar retos de innovación e obter propostas de solucións facilitando o acceso ao financiamento orientado e ao investimento especializado.

2. Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades, non limitativas:

- a) Crear e executar programas e iniciativas de desenvolvemento de talento e de emprendemento como factores esenciais para o crecemento dos sectores involucrados no DIH DATALIFE.
- b) Definir e habilitar mecanismos de cooperación entre axentes do ecosistema de innovación para facilitar e acelerar a adopción de tecnoloxías dixitais por parte das empresas
- c) Solicitar axudas e participar en programas de subvencións de calquera ámbito (local, autonómico, nacional, europeo ou internacional) relacionados cos fins da asociación.
- d) Definir e articular grandes proxectos tractores baseados nas tecnoloxías dixitais no eido de DIH DATALIFE, con potencial transformador sobre os sectores nos que se enfoca o mesmo.
- e) Formar as persoas, tanto asociadas como interesadas, nas materias de bioeconomía, saúde e sustentabilidade, a través do uso de técnicas e tecnoloxías dixitais mediante talleres, charlas, xornadas e cursos.
- f) Crear espazos de aprendizaxe, co-traballo e co-creación.
- g) Organizar concursos, desafíos, hackathons, bootcamps e demais iniciativas de innovación e creatividade.
- h) Identificar e organizar laboratorios de innovación.
- i) Colaborar cos sectores da bioeconomía, saúde e sustentabilidade e coa Administración Pública a través de convenios de colaboración, contratos ou calquera outra forma de cooperación.
- j) Establecer colaboracións con outros hubs de innovación dixital de ámbito nacional e europeo, tanto para acceder a servizos dixitais complementarios non ofertados por

DIH DATALIFE como para abrir os servizos propios a entidades fora do seu ámbito xeográfico natural.

3. Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II - DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7. Requisitos

1. Para adquirir a condición de persoa asociada requírese ser persoa xurídica e ter interese no desenvolvemento dos fins da asociación.

2. As persoas xurídicas interesadas en asociarse deberán remitir unha solicitude á Secretaría da asociación, xunto coa documentación que acredite a súa personalidade e o seu interese nos fins da asociación, así como aquela outra que lle sexa requirida.

Ademais, as persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán o acordo expreso do seu órgano competente, as de natureza institucional, o acordo do seu órgano reitor e as de natureza mercantil o acordo do seu órgano de administración ou o competente segundo os seus Estatutos, conforme autorizan a súa incorporación a esta asociación.

2. As persoas xurídicas asociadas estarán representadas na asociación por persoas físicas maiores de idade. Estes representantes serán designados formalmente por cada entidade, debendo comunicar este nomeamento á secretaría da asociación.

Non será posible a suplencia destes representantes por outros, debendo a entidade designar outra persoa, salvo circunstancias de forza maior ou incapacidade laboral temporal, que deberán xustificarse.

Artigo 8. Clases de persoas asociadas

1. Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados ou asociadas:

- a) Promotores: serán os asociados cun compromiso superior coa asociación pola súa condición de entidades promotoras, obrigándose de xeito proactivo e permanente cos obxectivos da asociación e realizando unha achega inicial equivalente ao dobre da achega inicial aprobada para os socios colaboradores. Ademais aboarán unha cota anual tamén do dobre que a correspondente a un socio colaborador.
- b) Colaboradores: serán os asociados ordinarios da asociación, e aboarán a achega inicial e a cota anual ordinarias.
- c) De honra, aquelas persoas xurídicas que, polos seus méritos ou por ter contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da asociación, sexan nomeados pola Asemblea Xeral e desexen asociarse.

2. Todos os asociados deberán realizar unha achega inicial, así como aboar as cotas anuais que serán aprobadas pola Asemblea Xeral, segundo cada tipoloxía de asociado, excepto os asociados de honra, que non aboarán achegas nin cotas.

3. Todos os asociados que asinen a acta constituínte serán, ademais, socios fundadores, independentemente da clase de asociado segundo o parágrafo primeiro deste artigo. Este título é unicamente honorífico y non confire ningún dereito especial.

4. Os asociados promotores e colaboradores poderán, antes do fin de cada ano natural, solicitar o cambio de clase de asociado a asociados promotor ou colaborador respectivamente, debendo, en consecuencia, aboar a cota anual correspondente, así como a diferenza, de ser o caso, da achega inicial.

Artigo 9. Perda da condición de persoa asociada

1. A condición de asociado ou asociada pérdese:

- a) Por vontade propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a Xunta Directiva e dirixida a secretaría da asociación. A renuncia terá efectos

desde a data da súa presentación, sen prexuízo da obriga de asumir os compromisos que se adquiriron con carácter previo. Será necesario un acordo da Asemblea Xeral da entidade.

- b) Por falta de pagamento durante mais de tres meses da cota anual, que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola Xunta Directiva, ao interesado.

A entidade que perdesse a súa condición de asociada polo suposto sinalado no apartado anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se no prazo de seis meses desde a notificación abonase as cotas pendentes de pago.

- c) Por falta de pagamento da achega inicial. Non se admitirá a ningún asociado, nin de xeito provisional, ata que se produza o desembolso da achega inicial.
- d) Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.
- e) Por extinción da persoa xurídica.

2. A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b), c) e d) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 10. Dereitos

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da asociación
- b) Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.
- c) Participar nas Asembleas con voz e voto, segundo o número de votos que teña de acordo co establecido no artigo 13 destes Estatutos.
- d) Recibir información da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- e) Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación.

- f) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
- h) Os asociados promotores gozarán de descontos polos servicios prestados pola Asociación.

2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais ou da achega inicial.

3. As persoas asociadas de honra non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, pero poderán asistir ás asembleas con voz, pero sen voto.

Artigo 11. Obrigas

Son obrigas das persoas asociadas:

- a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
- b) Pagar as cotas que de conformidade cos estatutos, se establezan, así como as achegas iniciais.
- c) Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para os que foron elixidas.
- d) Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola asociación.

CAPÍTULO III - DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12. Organización da asociación

Os órganos de goberno e representación da asociación son:

- a) Asemblea Xeral
- b) Xunta Directiva

Todos os órganos da entidade adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

Artigo 13. Asemblea Xeral

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todas as persoas xurídicas asociadas.

2. Cada entidade asociada contará co seguinte número de votos:
 - a) Socios Promotores: correspóndelles dous votos por entidade.
 - b) Socios Colaboradores: correspóndelles un voto por entidade.
 - c) Socios de honra: participan con voz pero sen voto.

Artigo 14. Reunións: clases e convocatoria

1. As reunións da Asemblea Xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias.

A reunión ordinaria celebrarase como mínimo unha vez o ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico.

As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, tantas veces o acorde a Xunta Directiva ou cando o soliciten por escrito o 10% dos representantes das persoas asociadas.

2. As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea en primeira convocatoria debe mediar como mínimo un prazo de quince días naturais.

Será posible a convocatoria por medios telemáticos como o correo electrónico.

3. A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas asociadas na secretaría da asociación ou por medios telemáticos, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da Asemblea.

Artigo 15. Constitución e quórum de convocatoria

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo dos representantes das persoas asociadas, na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

Artigo 16. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- a) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- b) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.
- c) Examinar e aprobar as cotas e achegas iniciais das persoas asociadas, a proposta da Xunta Directiva.
- d) Elixir e cesar as persoas integrantes da Xunta Directiva, determinar o número de vogais de conformidade co establecido no artigo 19.3 e) destes Estatutos, así como aprobar a súa xestión.
- e) Aprobar a incorporación ou separación a unha federación.
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- g) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
- h) Ratificar a admisión provisional de novas entidades e a expulsión provisional das asociadas, así como outras medidas disciplinarias, a proposta da Xunta Directiva. Tamén será competente para adoptar o acordo necesario cando unha entidade presente a súa renuncia e perda a súa condición de asociada.

Artigo 17. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da asociación, incluído o cambio de domicilio.
- b) Acordar a transformación da asociación.

- c) Acordar a fusión da asociación.
- d) Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.
- e) As que sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.
- f) Disposición, alleamento, gravame ou hipoteca de bens.
- g) Remuneración das persoas que integran os órganos de goberno e representación
- h) Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 18. Adopción de acordos

1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple dos votos presentes, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

2. Será necesaria a maioría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade dos votos presentes, para adoptar os seguintes acordos:

- a) Designación de membros da Xunta Directiva, así como para determinar o número de vogais, de conformidade co establecido no artigo 19.3 e) destes Estatutos.
- b) Acordo para constituír federacións e para integrarse ou separarse delas
- c) Disolución da asociación.
- d) Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
- e) Disposición ou alleamento de bens.
- f) Remuneración das persoas que integran os órganos de goberno e representación.

3. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso as non asistentes.

Artigo 19. A Xunta Directiva: Composición

1. A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.
2. A Xunta Directiva estará formada por un mínimo de 5 membros e un máximo de 9, en función do número de entidades asociadas promotoras e colaboradoras no momento de presentación de candidaturas.
3. A Xunta Directiva estará formada por:
 - a) Presidente/-a,
 - b) Vicepresidente/-a,
 - c) Secretario/-a,
 - d) Tesoureiro/-a e
 - e) Un número de vogais entre 1 e 5

Todos estes membros serán designados pola Asemblea Xeral. A elección da Xunta Directiva se realizará mediante a presentación de candidaturas completas que cubran todos os postos da Xunta Directiva.

As candidaturas deberán presentarse cunha semana de antelación á Asemblea Xeral onde se vaia producir a elección.

Calquera asociado poderá presentar unha candidatura, debendo constar a aceptación expresa de todos os candidatos incluídos na mesma, que so poderán integrar unha candidatura.

As persoas que formen a candidatura deberán ser persoas representantes das entidades asociadas, maiores de idade e en pleno uso dos seus dereitos civís que non estean incursas en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.

4. A duración do seu mandato será de 2 anos, podendo ser obxecto de sucesivas reeleccións.

5. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.
6. Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función por:
 - a) Extinción da persoa xurídica
 - b) Inhabilitación ou prohibición, de conformidade cunha resolución xudicial firme.
 - d) Renuncia voluntaria.
 - e) Perda da condición de persoa asociada.
 - f) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
 - g) Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á elección da nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións ata a designación dos novos membros
7. As entidades que formen a Xunta Directiva poderán cambiar ao seu representante na mesma mediante un escrito informando do novo representante.
8. De producirse vacantes na Xunta Directiva, estas serán desempeñadas provisoriamente polos restantes membros, ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral do asociado vacante.

Artigo 20. Reunións e acordos

1. A Xunta Directiva será convocada polo presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

A convocatoria poderá realizarse por medios telemáticos, como o correo electrónico.

2. Para estar validamente constituída deberán estar presentes a maioría dos seus membros e, en todo caso, o presidente e o secretario ou as persoas que os substitúan.

3. Poderán celebrarse reunión da Xunta Directiva por medios telemáticos, como a videoconferencia, sempre que se poida acreditar a identidade de cada unha das persoas

asistentes, dispoñan de toda a documentación e se dean o resto de requisitos. Este extremo poderá regularse a través do regulamento de réxime interno.

4. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade do Presidente.

Artigo 21. Facultades da Xunta Directiva

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas.
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
- c) Realizar a selección, contratación, e separación do persoal da Asociación, segundo o orzamento aprobado.
- d) Executar os acordos da Asemblea.
- e) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- f) Convocar e fixar as datas das Asembleas.
- g) Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias, así como a achega inicial, para as persoas asociadas.
- h) Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- i) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
- j) Examina e resolve as solicitudes de ingreso de novas entidades asociadas. A admisión pola Xunta Directiva é provisional, sendo precisa a súa ratificación pola Asemblea Xeral. En todo caso, os asociados provisionais gozarán de plenitude de dereitos.
- k) Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- l) Examina e resolve os procedementos disciplinarios, incluída a expulsión, que se instrúan. A expulsión pola Xunta Directiva é provisional, sendo precisa a súa ratificación pola Asemblea Xeral. En todo caso, os asociados expulsados provisionalmente non poderán participar na asociación.

- m) Acordar e cancelar operacións de crédito ou préstamo que poidan convir á Asociación de conformidade co aprobado nos orzamentos.
- n) Solicitar axudas, aprobar a participación en convenios de colaboración e aprobar a participación en proxectos que sexan beneficiosos para á Asociación, dando conta a Asemblea Xeral.

Artigo 22. Obrigas documentais

A asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as persoas asociadas:

- a) Unha relación actualizada de asociados e asociadas.
- b) Documentación contable que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.
- c) Inventario dos seus bens.
- d) Libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

Artigo 23. Presidente/a

A persoa que ostenta a presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos.
- c) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa persoa que ostenta a secretaría ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.
- f) Asinar convenios, contratos e calquera documento en nome e representación da Asociación, sen prexuízo da aprobación previa polo órgano competente.

Artigo 24. Vicepresidente/a

A persoa que ostente a vicepresidencia realizará as funcións da presidencia nos casos de ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da asociación nos supostos en que así se acorde pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral.

Artigo 25. Secretario/a

1. A persoa que ostenta a secretaría terá as seguintes atribucións:

- a) Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.
- b) Dirixir as actividades sociais e a administración da asociación.
- c) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes
- d) Expedir certificacións dos acordos co visto e prace do presidente/a, así como emitir informes.
- e) Redactar o inventario de bens da asociación.
- f) Custodia do arquivo de libros e documentos da asociación.
- g) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.

2. A persoa que ostenta a secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola persoa que ostenta a Presidencia.

Artigo 26. Tesoureiro/a

1. A persoa que ostenta a tesourería terá as seguintes atribucións:

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, custodialos e investilos na forma acordada pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral
- b) Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e conforme da presidencia
- c) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a persoa que ostenta a presidencia.
- d) Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación

- e) Levar os libros de contabilidade da asociación e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola Asemblea
- f) Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico financeira da asociación.

Artigo 27. Vogais

Os vogais terán as obrigas propias do seu cargo, e aqueloutras que lles sexan encomendadas, tales como realizar programas e estudos con carácter xeral ou en áreas de actuación determinadas.

Artigo 28. Persoal e contratación

1. A asociación poderá contratar o persoal necesario para o desenvolvemento das actividades da mesma, fixando a retribución correspondente.
2. A asociación tamén poderá contratar servizos externos necesarios para levar a cabo os fins, obxectivos e actividades da asociación.

CAPÍTULO IV - RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29. Patrimonio

A asociación no momento de iniciar as súas actividades non dispón de patrimonio propio, sen prexuízo que as achegas iniciais dos asociados constituirán o seu patrimonio cando sexan desembolsadas.

O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural, e terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

Artigo 30. Recursos económicos

A asociación manterase dos seguintes recursos:

- a) Achegas iniciais dos asociados. Estas achegas terán a consideración de entrega a fondo perdido, sen que se poida solicitar a súa devolución. Tampouco será posible a devolución da diferenza cando se solicite o cambio de asociado promotor a colaborador. **Deberán aboarse no momento de solicitar o ingreso na asociación.**
- b) As cotas periódicas das persoas asociadas, que se devengarán anualmente o 1 de xaneiro de cada ano, e deberán aboarse antes do 31 de xaneiro de cada ano, salvo os novos asociados, que deberán aboar a cota no momento de solicitar o ingreso na asociación. As cotas serán aprobadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva. As cotas periódicas non se ratearán, independentemente da data de adhesión dunha entidade, polo que sempre se aboará a cota anual completa.
- c) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
- d) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- e) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- f) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 31. Contas anuais

1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a **15 días ao** sinalado para a súa aprobación en Asemblea.

2. A Xunta directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da asociación.

3. As contas anuais serán sometidas de xeito obrigatorio a auditoría externa, que se deberá contratar ao efecto, co obxectivo de verificar as ditas contas e ditaminar si expresan a imaxe fiel do patrimonio, da situación de financeira e dos resultados da entidade.

Artigo 32. Destino de ingresos a fins da asociación

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación. En ningún caso, estes beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

CAPÍTULO V - DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 33. Regulamento de réxime interno

Por acordo da Asemblea Xeral pode aprobarse un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

Os conflitos que xurdan no funcionamento interno da asociación estarán sometido para a súa resolución ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI - DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 34. Disolución

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Por acordo adoptado por maioría cualificada en asemblea xeral extraordinaria.
- b) Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.
- d) Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

Artigo 35. Liquidación

1. Acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.
2. Os membros da xunta directiva no momento da disolución convértense en liquidadores, salvo designación expresa de liquidadores pola asemblea xeral ou por autoridade competente.
3. Corresponde aos liquidadores:
 - a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
 - b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
 - c) Cobrar os créditos da Asociación.
 - d) Liquidar o patrimonio e pagar os acredores.
 - e) Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.
 - f) Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrados.
4. Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1. Os asociados que non asinen a acta constituínte ou fundacional pero que se incorporen como asociados antes do 31 de decembro de 2019, tamén serán recoñecidos como asociados fundadores, podendo figurar o seu compromiso na acta fundacional, e debendo asinar un anexo á mesma.

2. Respecto aos prazos de pago das cotas periódicas e achegas iniciais dos asociados que asinen a acta fundacional, estarase ao previsto no disposto na dita acta.
3. Respecto á elección da primeira Xunta Directiva da entidade tamén estarase ao previsto na acta fundacional, sen que sexas preciso a presentación de candidaturas.

En Santiago de Compostela, a 31 de outubro de 2019

<p>Nome e apelidos: Dna. Carme Pampín Casal DNI: 33291672-T Entidade: BIOGA CIF: G70259312</p> <p>Asdo.: _____</p>	<p>Nome e apelidos: D. Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa DNI: 35991928-X Entidade: ANFACO-CECOPESCA CIF: G36625309</p> <p>Asdo.: _____</p>
<p>Nome e apelidos: D. Roberto Pérez Rodríguez DNI: 76730404-N Entidade: Cluster TIC de Galicia CIF: G70157581</p> <p>Asdo.: _____</p>	<p>Nome e apelidos: D. Luis Pérez Freire DNI: 53116019-A Entidade: GRADIANT CIF: G36997229</p> <p>Asdo.: _____</p>
<p>Nome e apelidos: D. Pablo Álvarez Freire DNI: 52495311-L Entidade: CZ VETERINARIA CIF: A36201259</p> <p>Asdo.: _____</p>	<p>Nome e apelidos: D. José Santiago Rey Requejo DNI: 33276278-Q Entidade: TELEVÉS CIF: A15010176</p> <p>Asdo.: _____</p>
<p>Nome e apelidos: D. Antonio López Díaz DNI: 76565571-C Entidade: USC CIF: Q1518001A</p> <p>Asdo.: _____</p>	<p>Nome e apelidos: D. Mauro Fernández Dabouza DNI: 34941118-R Entidade: CESGA CIF: G15852981</p> <p>Asdo.: _____</p>
<p>Nome e apelidos: D. Primitivo Vizoso Rúa DNI: 34966419-W Entidade: FINSA CIF: A15005499</p> <p>Asdo.: _____</p>	<p>Nome e apelidos: Dna. Rocío Mosquera Álvarez DNI: 34911297-B Entidade: CSG CIF: G70308143</p> <p>Asdo.: _____</p>